

PROPOSTA DE BASES

CONCURSO DE CARTEIS DA LIX FESTA DO MARISCO

O Concello do Grove convoca o concurso de carteis para elixir o que anunciará a LIX edición da Festa do Marisco, segundo as seguintes

B A S E S:

- 1ª) O cartel terá que levar preferiblemente, de xeito que se aprecie, o anagrama que o Concello do Grove ten rexistrado (centola coa cunca) ou similar e as datas nas que terá lugar a seguinte festa (do 29 de setembro ao 12 de outubro de 2022), ademais de incluír expresamente o nome de “Festa do Marisco. O Grove” e a edición e ano correspondentes.
- 2ª) As medidas do cartel terán que ser de 30 x 45 cm, en sentido vertical e horizontal. E dicir, deberá presentarse unha versión en vertical e outra en horizontal.
- 3ª) O xurado será nomeado polo Concello do Grove e poderá actuar como tal a Xunta de Goberno Local ou o Consello Local de Turismo. O ditame será inapelable, aceptando os participantes as presentes bases polo feito de participaren.
- 4ª) Os bosqueños terán que estar entregados nas oficinas do Concello do Grove antes das 14:00 horas do día **3 de xaneiro de 2022**. A entrega do cartel irá acompañada dun sobre pechado, dentro do que terá que constar o nome completo, dirección, teléfono e correo electrónico do concursante, así como dunha copia en dixital que conteña o bosqueño do cartel. As propostas que non resulten elixidas poderán ser recollidas polo autor/a no Concello do Grove.
- 5ª) Cada concursante só poderá presentar un cartel ao concurso. O bosqueño gañador terá un premio de **300 euros**.
- 6ª) A persoa premiada deberá adaptar o cartel a diferentes medidas que lle solicite o Concello, sen custo para o Concello.
- 7ª) A persoa premiada cederá tódolos dereitos de publicación, tanto do cartel coma calquera outra forma de impresión para programas e folletos, ao Concello do Grove.

Documento asinado electronicamente

